

PATRIMONIO E SOCIEDADE

UNHA MEIGA CHAMADA SANTA COMBA?



Texto

Rosa Méndez Fonte
Especialista en Patrimonio
Doutora en Humanidades

Din que di a tradición que "Santa Comba era unha meiga, pero que moi meiga, das chuchonas que zugaban o sangue dos nenos e mataba vellos, ademais de botar algún que outro mal de ollo". Mais o certo é que Santa Comba foi unha das santas con máis antigüidade e devoción en Galicia; nesta liña estarían tamén Santa Mariña (patrona da parroquia de Serantes) e San Pedro, en Marmancón.

Volvendo á "santa-meiga", o que máis repite a tradición é que estamos ante unha muller con boa man para afastar o meigallo, sempre con mediación dun "pasteiro" (de Pax tecum?), ou persoa intermediaria entre o enfermo e a santa. Víctor Lis (en "La Medicina Popular en Galicia") fala do "Garamillas da Ramalleira", un pasteiro que exercía pola zona de Bande. O seu fillo, chegado de América, aprendeu del o oficio até chegar a exercer na igrexa de Bande e arredores. A isto hai que engadir a influencia que, xunto coa santa, tiña tamén San Cibrán, de aí o dito: "Quen vai a Santa Comba e non vai a San Cibrán, fai a viaxe en van".

Por outra parte, é na igrexa de Santa Comba de Bande (monacal, como a de Covas) onde podemos atopar a meirande parte de documentos relacionados coa historia do edificio e con esta advocación, que tamén está presente no Santuario de Bértola. Mais aquí, en Covas, debeu ter tamén fonda raigame a súa presenza, aínda que quizais por ser



o santuario tan antigo a dificultade de seguir a súa historia documentalmente sexa grande. Pero non dubido de que algún día haberá un historiador que atope os documentos que aclaren o seu pasado dun xeito preciso.

En calquera caso, a ermida segue aí (restaurada hai pouco por completo, a través do teimudo esforzo dos membros da Asociación Columba), do mesmo modo que continúa tamén a tradición de celebrar a romaría do día da santa. Unha tradición que xa pode atoparse en crónicas antigas, como a de Rafael Barbeito, que en 1934 afirmaba: "... Es una fiesta sin par, típicamente gallega, en la que hay derroche de sana alegría y buen humor y tal cantidad de mujeres guapas que le quitan el sentido al más sereno".

A romaría, que se celebra o último domingo de agosto, acuden veciños, veraneantes e xentes dos arredores nunha mestura de preservar a tradición e homenaxear á santa. A paraxe onde se desenvolve é, verdadeiramente, espectacular, nese promontorio arrodeado de mar e fondo arrecedendo a salitre.

En síntese, estamos ante un lugar, a parroquia de Covas, onde unha verdadeira tradición continúa viva. Unha celebración que se afasta de tantas e tantas romerías e novas festas folclorizantes que no verán se multiplican por todos os recunchos de Galicia, pero que nada teñen que ver coa

nosa cultura, aínda que ás veces nolas queiran vender como feitos "seculares". Os abondosos reclamos, que adoitan ir parellos con increíbles motivos gastronómicos, semellan desexar convertírnos nun teatriño vivo para propios e foráneos cuxo obxectivo non é

"A romaría de Santa Comba, en Covas, é un deses bos exemplos a seguir, na que non se desvirtúa o pasado"

outro que aumentar, ano tras ano, o número de visitantes e consabidas gañancias. Mais non se ten en conta que o que se está a vender non é máis que un invento absurdo e afastado do que verdadeiramente representa a tradición e a cultura galega. As invencións do pasado multiplícanse, e atopamos tal cantidade de disparates que, ás veces, o único que moven é á vergoña allea.

Galicia ten sobradamente onde mirar, se verdadeiramente se desexa realizar unha celebración auténtica do seu pasado recreado no presente. Son numerosas as tradicións que foron esmorecendo e que poderían converterse en reclamo de visitantes, sen necesidade de "invencións", a maior parte das veces repetitivas e enchidas de arrecedos a aceite requemado.

A romaría de Santa Comba, en Covas, é un deses bos exemplos a seguir, no que non se desvirtúa o pasado. Simplemente estase a celebrar no presente o que sempre estivo aí, e que a nosa memoria e desexo por preservar a tradición tenta conservar.



Arredores e igrexa de Santa Comba